

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 25 de novembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.05 horas do día vinte e cinco de novembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1359).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria do 18 de novembro e dúas sesións extraordinarias e urxentes que tiveron lugar o día 21 de novembro de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1360).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR IMPORTE DE 2.500 € A FAVOR DE SCHOOLHOUSE C.B. COMO AXUDA ÓS GASTOS DO “CONCURSO DE DELETREO EN INGLÉS 2011”. EXPTE. 7827/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e RR.PP., do 17.10.11, conformado pola concelleira delegada de Facenda, e co informe da Interventora Accidental de data 21.11.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- “Conceder a Schoolhouse, NIF- E-36.693.612 , unha subvención por importe de 2.000 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados por organización e celebración do “Concurso de Deletreo en Inglés 2011” (Spelling Bee Contest), así como a estancia en Toronto-Canadá para o gañador, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 (Outras Subvencións), do vixente orzamento, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo.

2.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

3.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

4.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

5.- A beneficiaria, no prazo de cinco meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención

recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

6.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

7.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

8.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

9.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

10.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e de máis actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

11.- O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

12.- No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerese pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

3(1361).- SOLICITUDE DE PRAZADOURO S.L. PARA CONSTITUCIÓN DE HIPOTECA SOBRE A CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DO APARCAMENTO E LOCAIS DA PRAZA DE D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO. EXPTE. 3852/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, do 7.11.11, conformado pola concelleira de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar á mercantil PRAZADOURO, S.L para constituír sobre a concesión demanial outorgada, un ou mais préstamos hipotecarios por un importe máximo de 8.000.000 €, para o financiamento das obras e actividades recollidas no proxecto de explotación incorporado ó acordo de outorgamento da concesión, e a formalizar con Novagalicia Banco cantos documentos públicos ou privados foran precisos para que, en relación ós préstamos hipotecarios formalizados baixo a vixencia da concesión anulada, posibiliten a substitución como garantía dos mesmos a concesión administrativa de dominio público anulada pola sentenza do TSX de Galicia pola concesión demanial para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais no subsolo da Praza de D. Francisco Fernández del Riego e o mantemento e conservación da mesma, adxudicada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 17 de xuño de 2011.

Segundo.- O prestarmo ou préstamos hipotecarios que se constituán e teñan como garantía a concesión demanial para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais no subsolo da Praza de D. Francisco Fernández del Riego e o mantemento e conservación da mesma deberan ser extinguidos na súa totalidade con anterioridade ó fin do mes de xuño de 2081, e destinaranse ó financiamento das obras e actividades previstas no proxecto de xestión incorporado ó acordo municipal do outorgamento da concesión.”

4(1362).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO “PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5251/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 22.08.11, co informe do Interventor Xeral do 14.10.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Jesús Damiá Rodríguez o procedemento negociado para a adxudicación do contrato de DE DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO(EXPTE. 5251-551) por un prezo 67.401.60 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

5(1363).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DE OBRA DO “PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5248/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 22.08.11, co informe do Interventor Xeral do 14.10.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Mercedes Fernández Díaz o procedemento negociado para a adxudicación do contrato de dirección da obra do proxecto de reforma do mercado do Progreso (expte. 5248-551) por un prezo 67.741,44 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

6(1364).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) MOVEXVIAL S.L. EXPTE. 3849/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 9.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a MOVEXVIAL, S.L. a fianza de 3.886,38€ constituída para responder das obras de saneamento na parroquia de Coruxo xa que foron recibidas mediante acta de 17.10.2007, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) GALAICONTROL S.L. EXPTE. 3840/241

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 4.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a GALAICONTROL, S.L. a fianza de 951,12 € constituída para responder da asistencia á dirección de obras na rúa López Mora xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) GALAICONTROL S.L. EXPTE 3841/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 4.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a GALAICONTROL, S.L. a fianza de 949,73 € constituída para responder da dirección de obras eficiencia lumínica na rúa López Mora xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

C) BAIGAR S.L. EXPTE. 3864/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 16.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a BAIGAR, S.L. a fianza de 1.820 € constituída para responder da subministración de máquina para movemento de palés xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

D) LAPPSET ESPAÑA VR S.L. EXPTE. 3780/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 16.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. as fianzas de 879,93; 39,44; 1.719,77 e 400 € constituídas para responder da subministración de xogos para parques infantís xa que foron recibidos mediante acta de 28.12.2007, conforme as condición do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

E) SIMCO S.L. EXPTE. 3707/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 14.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SIMCO, S.L. a fianza de 11.073,75 € constituída para responder do mantemento e conservación de parques forestais, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

F) AUTOCARES LA FLORIDA S.A.L. EXPTE. 3853/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 14.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.L. a fianza de 8.042 € constituída para responder do desenvolvemento do programa “Vigo por Dentro” xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

G) PROXECTOS, CONSULTORÍA E FORMACIÓN S.L. EXPTE. 3871/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 18.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a PROXECTOS, CONSULTORÍA E FORMACIÓN, S.L. a fianza de 7.227,25 € constituída para responder do servizo de titorización e orientación do proxecto “Imos Traballar” xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

7(1365).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ENTIDADE MENOR DE BEMBRIVE PARA ORGANIZAR A I CARREIRA SOLIDARIA NOCTURNA O VINDEIRO 3 DE DECEMBRO DE 2011. EXPTE. 10738/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 23.11.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Entidade Menor de Bembrive, a organizar o vindeiro sábado 3 de decembro de 2011, a “**I CARREIRA SOLIDARIA NOCTURNA**” dita proba se desenvolverá dende a farmacia de Bembrive (Estrada de Bembrive), percorrendo Subida ao Monte Calvario, rúa Mandín, Cño don Novelos, rúa da Cruz e volta a Estrada de Bembrive, o circuíto será de 2,3Kms.a proba rematará sobre as 22.00 horas aproximadamente.

8(1366).- RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN DE PERUANOS EN GALICIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA X. GOBERNO LOCAL O 1.07.11 PARA O PROXECTO “COIDANDO A MI BEBÉ (HOMES)”. EXPTE. 5208/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 23.11.11, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

Aceptar a renuncia da subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción da muller do ano 2011 para o proxecto “*Coidando a mi bebé (homes)*” presentada pola Asociación de Peruanos en Galicia e liberar o importe retido na operación contable “D” 201100052641 de data 02/08/2011.

9(1367).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ PARA CREAR UN FICHEIRO DE CARÁCTER PERSOAL PARA OS USUARIOS E USUARIAS DOS BANCOS DO TEMPO MUNICIPAIS. EXPTE. 5453/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 18.11.11, conformado polo concelleiro de Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorizar ao servizo de Participación e Atención Cidadá a crear o arquivo de persoas seguinte conforme as especificacións do Anexo I:

- “Banco do Tempo” que está especificado no anexo I.

2.- Delegar no servizo de Participación e Atención Cidadá do Concello de Vigo a responsabilidade de xestión do ficheiro mixto creado e a regularización do mesmo conforme ao establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

10(1368).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 11.862,19 € A FAVOR DE TAELO POLO ALUGUER DO SISTEMA DE COMUNICACIÓNS TRUNKING DOS MESES DE SETEMBRO-OUTUBRO. EXPTE. 35043/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Intendente da Policía Local, do 8.11.11, conformado polo concelleiro de Mobilidade, Transporte e Seguridade, co informe do adxunto xurídico da Policía Local do 8.11.2011, e co informe do Interventor Xeral do 14.11.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a favor da mercantil TAELPO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 11.862,19 € (IVE engadido) pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de setembro e outubro de 2011, segundo factura N°. TR80099/10, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a percibir dita cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000.

11(1369).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT (REASIGNACIÓN DE POSTO DE TRABALLO A ÁREA DE FOMENTO). EXPTE. 22534/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 11.11.11, conformada pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Modificar puntualmente a Relación de Postos de Traballo municipal, e en consecuencia dispoñer a reasignación do posto de traballo denominado “Xefe/a da Unidade Técnica de cemiterios” (código 215.00) actualmente adscrito a oficina administrativa de cemiterios da Area de medio Ambiente, á oficina técnica de Vías e obras da Area de Fomento redominando o mesmo como “ Xefe/a da unidade técnica de control da implantación de servizos na vía pública”, ao obxecto de facilitar a mellora na planificación da actividade da área.

SEGUNDO.- Deixar sen efecto a resolución de data 10 de agosto de 2011, pola que se lle encomendaba a D Alfonso Berros Pérez, técnico medio de Vías e Obras, adscrito a dito servizo, con número de persoal 78966, funcións dirección e coordinación do taller de Vías e Obras, amais das que estaba a realizar como responsable do control da implantación de servizos na vía pública, pasando a realizar unicamente as correspondentes a dirección e coordinación do Taller de vías e obras

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, Concelleiro/as-delegados/as e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación) e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

12(1370).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE ADSCRICIÓN PROVISIONAL DA TÉCNICA DE ADMÓN. XERAL Dª SUSANA GARCÍA ÁLVAREZ AO POSTO DE “XEFA DO SERVIZO DE RECURSOS E ASESORAMENTO” E AO TÉCNICO DE ADMÓN. XERAL D. PABLO OLMOS PITA AO POSTO DE “ADXUNTO/A AO XEFE/A DO SERVIZO CONTENCIOSO”. EXPTE. 22535/220.

Dáse conta do Decreto do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, do 11 de novembro de 2011, co perante min da Secretaria do Goberno Local, que di o que segue:

“En escrito de data 29 de xullo do 2011, a Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal expón a situación existente no dito servizo en relación ao desempeño das funcións de asesoramento xurídico e defensa legal do Concello de Vigo, así como á necesidade e conveniencia de fomenta-la promoción profesional entre os funcionarios e funcionarias adscritos ao mesmo. Adicionalmente, debe considerarse como factor de esencial relevancia o ámbito material de contratación pública, que produce un notable incremento do volume de traballo que soporta a Asesoría Xurídica Municipal, sen prexuízo de que a habitual carga de traballo que soporta o citado servizo municipal, habitualmente elevada, vese incrementada pola intensa litixiosidade existente na Administración Municipal de Vigo, a maior de Galicia en canto a dimensións, orzamentos e volume de intensidade na xestión pública local que se desenvolve no termo municipal de Vigo.

Considerando que a urxencia no desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo, de acordo coas necesidades de persoal demandadas pola Titular do citado órgano directivo, impide que se aprace no tempo a provisión do mesmo polos procedementos regulados establecidos ao efecto na normativa vixente, faise necesario o recurso á figura da adscrición provisional para a provisión transitoria do posto de traballo concreto e, conseguintemente, dos cambios de adscrición solicitados, recollida no artigo 7 do vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, sen prexuízo da súa provisión con carácter definitivo polos procedementos correspondentes;

En aplicación do disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2011, onde se establece que serán cubertos polo sistema de libre designación aqueles postos de traballo que así estean determinados na relación de postos deste Concello, sendo en calquera caso cubertos por este procedemento os postos técnicos de nivel igual ou superior ó 26;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal; e vistas as competencias delegadas en materia de persoal pola Xunta de Goberno Local en acordo de data 17 de xuño do 2011,

R E S O L V O

Primeiro.- Adscribir provisoriamente á funcionaria técnica de admón. Xeral D^a Susana García Álvarez, con nº de persoal 78.741, ao posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Recursos e Asesoramento”, código retributivo 024 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo do Servizo de Asesoría Xurídica Municipal, a petición da Sra. Titular do dito órgano directivo formulada en escrito de data 29 de xullo do 2011, e toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34^a das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2011, sempre sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo polos procedementos legalmente establecidos.

Segundo.- Adscribir provisoriamente ao funcionario técnico de admón. Xeral D. Pablo Olmos Pita, con nº de persoal 80.548, ao posto de traballo denominado “Adxunto/a ao Xefe/a do Servizo Contencioso”, código retributivo 199 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo do Servizo de Asesoría Xurídica Municipal, a petición da Sra. Titular do dito órgano directivo formulada en escrito de data 29 de xullo do 2011, e toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34^a das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2011, sempre sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo polos procedementos legalmente establecidos.

Terceiro.- As presentes adscricións terán carácter provisional e transitorio, nos termos do establecido no artigo 7 do vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, sen prexuízo da súa provisión con carácter definitivo polos procedementos correspondentes e en aplicación do disposto na Base 34^a das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2011, onde se establece que serán cubertos polo sistema de libre designación aqueles postos de traballo que así estean determinados na relación de postos deste Concello, sendo en calquera caso cubertos por este procedemento os postos técnicos de nivel igual ou superior ó 26.

Cuarto.- Dispoñer que con carácter urxente se proceda á tramitación dos procedementos administrativos oportunos para a provisión, con carácter interino e urxente, dos postos base de Técnico/a de Administración Xeral susceptibles de quedar en situación de vacante na Asesoría Xurídica Municipal como consecuencia das adscricións provisionais citadas, dispoñendo que se proceda á incorporación na próxima actualización da RPT que se efectúe dos cambios de adscrición efectuados, así como daqueles organizativamente necesarios para dar cumprimento ao solicitado pola Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal no escrito do 29.07.2011

Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado aos interesados/as, xefes/as das Áreas ou dos servizos correspondentes e Concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, Intervención Xeral Municipal, así como ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Quinto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

13(1371).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ENCOMENDA DE FUNCÍONS AO FUNCIONARIO D. OSCAR VEGA ANDIÓN. EXPTE. 22533/220.

Dáse conta do Decreto do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, do 11 de novembro de 2011, co perante min da Secretaria do Goberno Local, que di o que segue:

“En informe de data 2 de novembro de 2011, o xefe de patrimonio co conforme da Concelleira delegada de Patrimonio solicitan a realización dunha encomenda de funcións ao funcionario D Oscar Vega Andion, con n de persoal 78742, adscrito a Tesourería Municipal, os cometidos do posto de economista do servizo de patrimonio pola necesidade da realización da tramitación de facturas, revisións de prezos, alugueres, comunidades e demais funcións que estaba a desempeñar a economista adscrita a dito servizo antes do inicio da súa baixa por I.T.

Dada a necesidade de manter o correcto funcionamento do Servizo, e co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen mingua das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“**Primeiro.**- Encomendar provisionalmente ao funcionario municipal D^a Oscar Vega Andion, adscrito a Tesourería Municipal con nº de persoal 78742 os cometidos do posto de economista adscrito ao servizo de patrimonio, compatibilizando ditas funcións coas propias do seu posto de traballo, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter estritamente provisional.

Segundo.- A dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata a incorporación da funcionaria titular do posto de economista do servizo de patrimonio da súa situación de baixa por I.T., e en todo caso ata o 31 de decembro do presente ano 2011.

Terceiro.- Da presente resolución, dese traslado ao interesado, concelleiro/as-delegado/as das Áreas, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

14(1372).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR XORNADA REDUCIDA DE VERÁN A FUNCIONARIOS, CORRESPONDENTE AO ANO 2011. EXPTE. 22431/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 13.10.11, conformada pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención de data 11.11.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ó persoal dos servizos que se relacionan, os importes que de seguido se indican, como compensación por non disfrutar en todo ou en parte da xornada de verán correspondente ao ano 2011 prevista no artigo 11 do convenio:

- Policía Local.....131.504,51 €, segundo relacións que se achega e que comezan por don Ivan Abalde Casanova e rematan por don Juan Guillermo Vivero Mijares.

- ▣ Montes,Parques e Xardíns.....2.845,24 €, segundo relacións que se achegan e que comezan por don Luis González Martínez e rematan por don Severino Xosé Fernández Alberte.
- ▣ Alcaldía.....1392,01 €, segundo relación que se achega e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Camilo Fontán Balbuena.
- Cemiterios.....6.851,25 €, segundo relación que se achega e que comeza por Don Jesús Alfonso Paz e remata por Don Delmiro Vilanova Acuña.
- Desinfección.....1.854,66 €, segundo relacións que se achegan e que comezan por don A. Avelino Pardellas Avión e rematan por don José Ramón Seijas Alvarez.
- ▣ Parque Móbil.....1.036'41 €, segundo relacións que se achega e que comezan por don Emilio Martínez Bastos e rematan por don José Riveiro Rodríguez.
- ▣ Parque Central.....919,35 €, segundo relacións que se achegan e que comezan por don Juan González Iglesias e remata por don Roberto Mariño Sanromán.
- ▣ Servizo de Limpeza.....1.676,46 €, segundo relación que se achega e que comeza por don Jesús Manuel Garrido Marcos e remata por don José Constantino Sola Quiroga.

O importe das anteriores horas ascende a un total de 148.079,89 €.”

15(1373).- CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (NOVEMBRO 2011). EXPTE. 22493/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 8.11.11, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 9.11.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“**Primeiro.-** Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de data 06/10/2011, por un importe total de **13.111,00 €** (TRECE MIL CENTO ONCE EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos empregados/as públicos municipais que se indican- segundo relación contida no cadro anexos importes que no mesmo se especifican:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Calvar Ríos, Moisés	36142373	79383	402,00 €
Fernández Alonso, José Angel	36037789	12055	1.876,00 €
González Rodríguez, Miguel José	36036153	14835	1.097,00 €
Magdalena Vila, Mª Jesús	36025359	13161	4.996,00 €
Magdaleno Soto, Mª Luisa	36097236	23461	235,00 €
Mariño Villanueva, Julia	36045806	22361	3.150,00 €
Pérez Eiroa, Concepción	36006757	15830	895,00 €
Pérez Gil, Francisco Javier	36095799	22567	242,00 €
Rielo Franco, Mª Rita	36067074	23774	218,00 €
SUMA TOTAL			13.111,00 €

Segundo.- denegar as seguintes axudas:

- A solicitada por D. Lisardo Fernández Díaz, por ser axuda socio-sanitaria.
- A solicitada por D. Antero García Docampo, porque a cobre a Seguridade Social
- A solicitada por D. José A. Hermida Fernández, por ser axuda socio-sanitaria
- A solicitada por D. Francisco J. Rivero Alvarez, porque a rehabilitación a cobre a S. Social.”

16(1374).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN RELATIVA A REHABILITACIÓN DA CONDICIÓN DE FUNCIONARIO DE D. ALFREDO CABALEIRO BESADA. EXPTE. 22497/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión de RR.HH, do 7.11.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aceptar a solicitude de D. Alfredo Cabaleiro Besada, DNI 36.047.348-T de rehabilitación da condición de funcionario por desaparecer a situación de xubilación por incapacidade permanente absoluta para o servizo por melloría, de conformidade co previsto no art. 68.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Adscribir o Sr. Cabaleiro Besada ao posto de traballo 122, cabo-xefe saída extinción de Incendios, no Servizo Extinción de Incendios, cod. 213, grupo C2, CD 18, CE 303, e coa antigüidade que tiña recoñecida no momento do seu pase a xubilación por incapacidade.

17(1375).- INCIDENTE RECUSATORIO FORMULADO POR D. CARLOS SÁENZ DE MIERA RODRÍGUEZ, EN RELACIÓN CO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE PROGRAMADOR DE INFORMÁTICA (OEP 2008). EXPTE. 22543/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria do órgano de selección e do presidente, do 22.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Non acceder ao incidente de recusación promovido por D. Carlos Sáenz de Miera Rodríguez (DNI 53182716T) contra os membros do órgano de selección para provistar unha praza de programador/a informática do Concello de Vigo correspondente á Oferta de Emprego Público do 2008, por canto non concorren as causas establecidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en base ao resultado das actuacións instrutoras levadas a cabo e ás consideracións xurídicas expostas.

Segundo.- Contra o presente acordo non cabe recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que termine o procedemento, conforme ao disposto no artigo 29.5 da Lei Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

18(1376).- INCIDENTE RECUSATORIO FORMULADO POR D. JOSÉ A. COTELO LEMA, EN RELACIÓN CO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE PROGRAMADOR DE INFORMÁTICA (OEP 2008). EXPTE. 22542/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria do órgano de selección e do presidente, do 22.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Non acceder ao incidente de recusación promovido por D. José Antonio Cotelo Lema (DNI 32812793-G) contra os membros do órgano de selección para provistar unha praza de programador/a informática do Concello de Vigo correspondente á Oferta de Emprego Público do 2008, por canto non concorren as causas establecidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en base ao resultado das actuacións instrutoras levadas a cabo e ás consideracións xurídicas expostas.

Segundo.- Contra o presente acordo non cabe recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que termine o procedemento, conforme ao disposto no artigo 29.5 da Lei Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

19(1377).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE A DISTANCIA DE MADRID (UDIMA), PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DO MASTER UNIVERSITARIO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. EXPTE. 22547/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH, do 21.11.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorizar a sinatura do convenio entre D. Carlos López Font, Concelleiro delegado de Area de Xestión Municipal do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e D. Arturo de las Heras García, Gerente de la Universidad a Distancia de Madrid, para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos do Máster en Prevención de riscos laborais, ao obxecto de completar a súa formación.

2.- En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do seu desenvolvemento.

3.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE A DISTANCIA DE MADRID (UDIMA), PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

En Vigo, a.... de..... de 20....

REUNIDOS

Dunha parte D. Arturo de las Heras García, Xerente da Universidade a Distancia de Madrid (UDIMA)

E doutra ,D Carlos López Font, Concelleiro delegado de Xestión Municipal , en representación do Concello de Vigo con enderezo social na r/ Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF. P 3605700H , en virtude do Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011

Ámbalas dúas partes se recoñecen capacidade legal suficiente para outorga-lo presente convenio e, coinciden en declarar o interese mutuo na formación práctica dos estudantes universitarios, e para os efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.

Que a UDIMA ten elaborado un Plan de Estudos de carácter oficial e perfil profesional denominado «Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais» dirixido a proporcionar aos alumnos os coñecementos, capacidades e aptitudes necesarias para desempeñar eficazmente as funcións de Técnico de Nivel Superior en Prevención de Riscos Laborais, completando as ensinanzas teóricas coa necesaria formación práctica, nas especialidades de Seguridade no traballo, Hixiene industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada , contemplada(s) no Programa formativo para Técnicos de nivel superior, que contén o Anexo VI do Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

Segundo.

Que no Concello de Vigo e en concreto o seu Servizo propio de Prevención de Riscos Laborais, os estudantes do Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborales da UDIMA poderán combinar a teoría impartida na Universidade coas prácticas correspondentes ao seu programa formativo, tomando contacto coa realidade diaria do Servizo e facilitando a integración do estudante nun entorno novo, a través da observación e da apropiación de condutas e actitudes propias da competencia profesional.

Terceiro. Que ambas partes conveñen na necesidade de subscribir un Convenio de colaboración coa finalidade de permitir aos alumnos realizar as prácticas previstas no plan de estudos, adquirindo unha experiencia profesional.

Por este motivo, acordan subscribir o presente Convenio, que se desenvolve co arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio.

O presente Convenio ten como obxecto a realización de prácticas externas por parte dos alumnos matriculados no Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais da UDIMA na especialidade de Seguridade no traballo, Hixiene industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada

Segunda. Recoñecemento de créditos e horas.

A distribución de crédito para prácticas externas é de 6 créditos (ECTS), correspondendo a unha media de 150 horas (dependendo da dispoñibilidade do estudante e do centro para ser desenvolvido en prácticas) a seren distribuídos ao longo dun período de entre 5 e 7 semanas.

Terceiros. Contido das prácticas.

O desenvolvemento das prácticas externas inclúe un programa específico a ser previamente aprobado polo departamento responsable do curso. O contido das prácticas inclúen:

A) En xeral e contando coa previa autorización do persoal do SPRL do Concello de Vigo, baixo o seu criterio:

- O contacto con outros profesionais, para desenvolver as actividades incluídas no currículo do curso.
- O desenvolvemento dunha actividade profesional no ámbito da súa formación, baixo a supervisión dun titor.
- O acceso á documentación real preparado por outros profesionais, empresas ou institucións, así como formularios, modelos, bases de datos ou outras fontes de información utilizadas no desenvolvemento da actividade profesional, sempre que non teña o carácter de información confidencial.
- Participación en reunións para discutir cuestións relacionadas co exercicio da profesión. Facilitar a posterior inserción dos traballos dos alumnos ou mellorar o seu estatuto profesional.

B) Con carácter específico e contando coa previa autorización do persoal do SPRL do Concello de Vigo, baixo o seu criterio::

A realización de actividades propias do exercicio profesional e, en especial:

- Promover, con carácter xeral, a prevención na empresa e a súa integración nesta.
- Acompañar durante a realización de identificacións de riscos , avaliacións e no seu caso as medicións pertinentes
- Propoñer medidas para o control e redución dos riscos.
- Propoñer actividades de información e formación de traballadores.
- Participar na resolución de casos reais xurdidos na relación xurídico-tributaria.
- Participar na vixilancia do cumprimento do programa de control de riscos e redución de riscos.
- Participar na planificación da actividade preventiva e na proposta das actuacións a realizar nos casos de emerxencia e primeiros auxilios.
- Participar nas reunións nas que se debatan cuestións relativas ao exercicio da profesión de Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais.

C) A formación práctica a través da figura do titor externo, que conleva as propostas, exercicios, labores de estudo e investigación que se estimen necesarias para o exercicio práctico da actividade profesional.

D) A realización de informes específicos, valoracións e probas encomendadas polo/a titor/a , para a comprobación da adquisición das competencias de carácter práctico previstas no plan de estudos.

Cuarta. *Requisitos dos estudantes.*

Para aprobar a asignatura de Prácticas será necesario ter superado as actividades de aprendizaxe, control e actividades de avaliación continua da totalidade das materias.

Quinta. *Número de estudantes e relación nominal.*

O número de prazas que se convocarán para realizar prácticas determinarao a Comisión de Seguimento deste convenio e concretarase nas convocatorias que faga a UDIMA.

A oferta de prazas estará condicionada á dispoñibilidade anual e real que oferte o Concello para cada período lectivo .

Sexta. Desenvolvemento das prácticas. Titor/a interno/a e externo/a.

O/a estudante realizará as prácticas baixo a supervisión conxunta dun/ha titor/a cualificado/a do Concello de Vigo e un/ha profesor/a titor/a do centro docente da UDIMA (titor/a interno/a), que terá acceso às prácticas propostas ao estudante e ao coñecemento sobre a súa realización e resultados. O control sobre o axeitado das prácticas corresponderá ao titor/a interno da Universidade.

Sétima. Avaliación e cualificación das prácticas.

A cualificación do estudante farase ao final das prácticas tendo en conta o desenvolvemento do traballo realizado durante estas. No caso do/a titor/a interno/a, a cualificación dependerá das entrevistas co estudante durante as prácticas e da memoria de actividades elaboradas por este. O/a titor/a externo/a avaliará a adquisición das capacidades e destrezas previstas no contido das prácticas e no programa formativo específico.

Respecto das cualificacións globais:

- A avaliación do/a titor/a externo/a será o 60% da cualificación global das prácticas.
- A avaliación do/a titor/a interno/a será o 40% da cualificación global das prácticas.

En ambos casos se esixirá obter aló menos a cualificación de aprobado.

Oitava. Documentación das prácticas realizadas.

O servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo. emitirá un informe relativo a presenza do alumno no centro de prácticas asignado e do seguimento do programa, que remitirá á finalización destas á universidade. O informe deberá incluír o número de horas prácticas que se desenvolveron.

Novena. Carácter da relación entre o alumno e o Concello de Vigo

A relación dos alumnos co Concello de Vigo non suporá máis compromiso que o derivado do presente Convenio. A realización das prácticas amparadas no presente Convenio terá a todos os efectos a consideración de actividade académica. En ningún caso xerará relación laboral.

O desenvolvemento das practica en ningún caso prexudicará o normal funcionamento do SPPRL.

Décima. Funcións da dirección do Máster.

A dirección do Máster:

- Seleccionará aos alumnos que intervirán nas prácticas.
- Aprobará o proxecto de prácticas.
- Designará aos/ás titores/as que actuarán de forma coordinada cos profesionais do SPRL do Concello de Vigo.
- Fará constar en cantos documentos, certificados e títulos do Máster, que as prácticas se levan a cabo no Concello de Vigo e en virtude do presente Convenio.

Décimo primeira. Funcións da institución de acollida.

O Concello de Vigo facilitará para a execución do presente Convenio:

- O espazo físico onde se desenvolverán as prácticas.
- Os profesionais do seu cadro de persoal que estime convenientes, facilitándolles a súa adicación.
- Os proxectos que considere oportunos para a realización das prácticas.

Décimo segunda. Adaptación do/a alumno/a á institución de acollida.

O/a alumno/a en prácticas se acomodará ao réxime de funcionamento do Concello de Vigo, en canto resulte compatible coa normativa aquí establecida, debendo confeccionar unha memoria sobre as prácticas realizadas coa axuda e asesoramento dos/as titores/as designados/as polo Concello de Vigo e pola UDIMA.

Décimo terceira. *Cobertura de accidentes.*

A eventualidade de accidente que puidera afectar ao estudante será cuberta por unha póliza de seguros que a tales efectos contratará a UDIMA con cargo ao orzamento do Máster, en caso de que o/a alumno/a non estivera cuberto polo seguro escolar.

Décimo cuarta. *Certificado das prácticas.*

79351	POLICIA	GALLEGO LORENZO, OSCAR	1.460,34 €
78752	POLICIA	GARCIA CARIDE, RUBEN	1.460,34 €
79384	POLICIA	GARCIA GIL, ALBERTO	1.251,72 €
78753	POLICIA	GARCIA GONZALEZ, DAVID	1.460,34 €
10346	POLICIA	GARCIA LOPEZ, SIRO	1.251,72 €
10613	POLICIA	GARCIA LORENZO, EUGENIO	1.251,72 €
80595	POLICIA	GARCÍA RODRÍGUEZ, ENRIQUE	1.460,34 €
76478	OFICIAL	GARCÍA VEIRO, JOSE ARMANDO	1.332,96 €

NP	Posto	Apellidos e Nome	Importe
21462	OFICIAL	GARRIDO DOMINGUEZ, ANGELES	1.332,96 €
18158	POLICIA	GARRIDO RODRIGUEZ, JOSE	417,24 €
16774	INSPECTOR	GIL DOMINGUEZ, FRANCISCO A.	1.748,25 €
18164	POLICIA	GIL GREGORIO, JUAN ANTONIO	1.460,34 €
	POLICIA	GOMEZ FERREIRA, FERNANDO	1.460,34 €
78754	POLICIA	GOMEZ OTERO, ANTONIO MANUEL	625,86 €
77000	POLICIA	GOMEZ SALGADO, JOSEFA	1.043,10 €
23082	POLICIA	GONZALEZ ARIAS, ANTONIO	1.251,72 €
80593	POLICIA	GONZÁLEZ CASTILLO, JESÚS MARCO	1.460,34 €
77023	POLICIA	GONZALEZ FERNANDEZ PABLO JOSE	1.460,34 €
21025	POLICIA	GONZALEZ GARCIA, KATIA MARIA	1.460,34 €
16834	POLICIA	GONZALEZ GARCIA, MANUEL	1.043,10 €
14150	POLICIA	GONZALEZ GARRIDO, ANTONIO	1.043,10 €
14350	POLICIA	GONZALEZ GONZALEZ, MANUEL	1.251,72 €
10300	POLICIA	GONZALEZ MOLDES, AGAPITO	834,48 €
78755	POLICIA	GONZALEZ POSADA LUIS	1.460,34 €
14835	POLICIA	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, MIGUEL JOSE	1.251,72 €
78132	POLICIA	GONZÁLEZ SUÁREZ, CÉSAR	1.251,72 €
79110	POLICIA	GONZÁLEZ VÁZQUEZ, JORGE	1.460,34 €
79372	POLICIA	GONZALEZ VAZQUEZ, OSCAR	417,24 €
79356	POLICIA	GREGORIO SELAS, MIGUEL	1.668,96 €
80592	POLICIA	GUEDELLA FERNÁNDEZ, ANTONIO	1.460,34 €
16923	POLICIA	GUEDELLA GOMEZ, FRANCISCO	417,24 €
12606	POLICIA	GUENAGA CANO, JUAN RAMON	1.460,34 €
80585	POLICIA	GUTIERREZ GIMENEZ, BRAULIO	1.460,34 €
17064	POLICIA	HERMIDA ARAUJO, ADOLFO	1.460,34 €
15728	INSPECTOR	HERRERA OYA, EMILIO RAFAEL	999,00 €
12279	POLICIA	HUERTAS PEREZ, FRANCISCO	834,48 €
16892	POLICIA	IGLESIAS COSTAS, FRANCISCO	1.251,72 €
14960	POLICIA	IGLESIAS FERNANDEZ, CARLOS	417,24 €
10547	POLICIA	IGLESIAS LORENZO, JESUS	1.043,10 €
80594	POLICIA	IGLESIAS MELEIRO, RUBÉN	834,48 €
10040	POLICIA	IGLESIAS PEREIRA, JOSE LUIS	1.043,10 €
80583	POLICIA	IGLESIAS RODRÍGUEZ, UNAY	1.460,34 €
12641	POLICIA	JIMENEZ ALVARADO, JAVIER	834,48 €
23099	POLICIA	JORGE GARCIA, JAVIER	1.043,10 €
78756	POLICIA	JUNCAL LAGOA, MIGUEL ANGEL	1.460,34 €

NP	Posto	Apelidos e Nome	Importe
18460	POLICIA	JUSTE IGLESIAS, ANTONIO	834,48 €
79112	POLICIA	LAGO MUÑOZ, SONIA	208,62 €
14404	POLICIA	LEDO SOBRADO, MARINA	1.043,10 €
22289	OFICIAL	LEIROS ORGE, CARLOS	1.555,12 €
78757	POLICIA	LEMONS ABREU, JOSE MANUEL	625,86 €
78282	POLICIA	LEMONS MARTÍNEZ, DAVID	834,48 €
78758	POLICIA	LEMONS MARTINEZ, JESUS	1.251,72 €
18371	POLICIA	LOIRA SOTELO, MANUEL	417,24 €
12523	INSPECTOR	LÓPEZ ALVAREZ, JAVIER	1.248,75 €
18394	POLICIA	LOPEZ BURGO, JUAN CARLOS	1.043,10 €
78759	POLICIA	LOPEZ REIS, DIEGO	1.043,10 €
22384	OFICIAL	LOPEZ REY, GERARDO JOSE	1.110,80 €
79359	POLICIA	LOPEZ SANTANA ANTONIO JOSE	1.251,72 €
16828	POLICIA	LOPEZ VAZQUEZ, ISIDRO	1.043,10 €
78760	POLICIA	LORENZO ALONSO, ROBERTO	1.460,34 €
23107	POLICIA	LORENZO CAMPO, Mª ISABEL	1.460,34 €
79120	POLICIA	MACEIRA ACUÑA JUAN CARLOS	1.251,72 €
78761	POLICIA	MACENLLE DIAZ, MARIA DEL PILAR	834,48 €
18230	POLICIA	MAGALLANES OLMIGOS, JUAN MIGUEL	1.251,72 €
78762	POLICIA	MALLO ESTEVEZ, JOSE CARLOS	1.043,10 €
79116	POLICIA	MARCILLA URBANO, RUBÉN	208,62 €
14321	OFICIAL	MARON LORENZO, JUAN ANTONIO	1.332,96 €
18247	POLICIA	MARTINEZ DAFONTE, SANTIAGO	1.043,10 €
14841	POLICIA	MARTINEZ DOMINGUEZ, Mª CARMEN	208,62 €
79363	POLICIA	MARTÍNEZ LINO, PEDRO	1.251,72 €
13712	INTENDENTE	MARTINEZ MUÑOZ, FRANCISCO	1.797,39 €
22266	POLICIA	MARTINEZ PAMPILLON, PERGENTINO	1.668,96 €
77039	OFICIAL	MARTINEZ PARDO, SANTIAGO JESUS	1.332,96 €
15792	POLICIA	MARTINEZ PÉREZ, PILAR	1.251,72 €
15898	POLICIA	MARTINEZ POSADA, ROSA	208,62 €
77029	POLICIA	MARTINEZ POSADA, VICENTE	834,48 €
77036	POLICIA	MARTINEZ TILVE, JAVIER	1.251,72 €
12233	POLICIA	MENDEZ OITAVEN, AGAPITO	1.460,34 €
17199	POLICIA	MENDEZ PAZ, RICARDO A.	625,86 €
79357	POLICIA	MENDEZ VAZQUEZ, EDUARDO	1.043,10 €
77043	POLICIA	MOLINA MAGDALENA, FERNANDO	1.251,72 €
18299	INSPECTOR	MONTEMUIÑO SANTOS, JOSE CARLOS	1.498,50 €

NP	Posto	Apellidos e Nome	Importe
14806	OFICIAL	MOO GARCIA, JOSE MANUEL	888,64 €
23120	POLICIA	MOREIRA PEREIRA, ARACELI	1.460,34 €
17124	POLICIA	MOREIRA VALIÑO, RAFAEL	834,48 €
14278	OFICIAL	MORQUILLAS RODRIGUEZ, VICTOR MIGUEL	1.332,96 €
15935	POLICIA	MOSQUERA FERNANDEZ, ELVIRA	1.251,72 €
12629	POLICIA	MOURIÑO AMIL, JOSE MANUEL	1.251,72 €
17130	OFICIAL	NEIRA HENCHE, FRANCISCO JAVIER	1.555,12 €
16998	POLICIA	NOVAS ALDAO, MANUEL	1.460,34 €
80588	POLICIA	NOVAS MARTÍNEZ, SERAFÍN	1.460,34 €
9053	POLICIA	OGANDO GARCIA, ALFONSO	417,24 €
16751	POLICIA	OGANDO PAREDES, FRANCISCO JAVIER	1.460,34 €
79360	POLICIA	OJEA GONZALEZ, ROBERTO	1.460,34 €
80584	POLICIA	OTERO PENELA, FERNANDO	1.460,34 €
22556	POLICIA	OTERO PINO, Mª CRISTINA	1.251,72 €
78763	OFICIAL	OTERO SOTELO, MARCOS	1.555,12 €
17093	POLICIA	OTERO VALVERDE, MANUEL	1.251,72 €
80578	POLICIA	OTERO VILLAR, EZEQUIEL	1.460,34 €
78128	OFICIAL	PARDO LAZARA GERMAN	1.555,12 €
18336	POLICIA	PARGA BLANCO, RICARDO SANTOS	1.251,72 €
79365	POLICIA	PASCUAL GONZALEZ, JOSE CARLOS	1.251,72 €
23136	POLICIA	PENA GONZALEZ, DAMASO	1.460,34 €
78764	POLICIA	PENA GONZALEZ, JAVIER	208,62 €
79376	POLICIA	PEÑA SOLIÑO, AITOR	1.251,72 €
79380	POLICIA	PERALES RODRIGUEZ, ENRIQUE	1.460,34 €
18187	POLICIA	PEREIRO SIMÓN, FERNANDO	1.251,72 €
80587	POLICIA	PÉREZ BARREIRA, XOSÉ ANTÓN	1.251,72 €
18276	OFICIAL	PEREZ CARRERA, CARLOS MARTIN	1.332,96 €
23142	POLICIA	PEREZ COSTAS, JOSE LUIS	834,48 €
15830	POLICIA	PEREZ EIROA, CONCEPCION E.	1.460,34 €
78286	POLICIA	PÉREZ FERNANDEZ, JOSÉ LUIS	1.460,34 €
77021	POLICIA	PEREZ FERNANDEZ, MANUEL	1.043,10 €
78765	POLICIA	PEREZ LANDESA, MANUEL F.	1.043,10 €
23596	POLICIA	PEREZ MINIÑO, ELOY	625,86 €
78766	POLICIA	PEREZ MOSQUERA, GABRIEL	1.251,72 €
18431	POLICIA	PEREZ ORGANERO, MIGUEL A.	625,86 €
18260	POLICIA	PEREZ REGUEIRA, JOSE ANTONIO	1.043,10 €
76528	POLICIA	PEREZ RODRIGUEZ, JUAN MANUEL	834,48 €

NP	Posto	Apellidos e Nome	Importe
18425	INSPECTOR	PEREZ RODRIGUEZ, RAMON	1.748,25 €
78767	POLICIA	PEREZ RODRIGUEZ, ROBERTO	1.460,34 €
12380	POLICIA	PEREZ SOTO, JESUS	1.460,34 €
78768	POLICIA	PEREZ VAZQUEZ, CARLOS	1.251,72 €
79362	POLICIA	PESADO FERNANDEZ PABLO	1.251,72 €
76474	POLICIA	PIÑEIRO GOMEZ, JOSEFA	1.043,10 €
14189	POLICIA	PIÑEIRO PEREZ, ISIDRO	1.251,72 €
21108	INSPECTOR	PITILLAS TORRÁ, FRANCISCO JAVIER	1.498,50 €
15929	OFICIAL	PORTABALES GONZALEZ, JULIA MONTSERRAT	1.110,80 €
	POLICIA	PORTELA SAAVEDRA, JOSE ANGEL	1.251,72 €
76477	OFICIAL	PORTO JUSTO FRANCISCO JOSE	1.332,96 €
79111	POLICIA	PRADO SIMÓN, GUILLERMO JOSÉ	625,86 €
17006	POLICIA	PRIETO CASAL, CEFERINO	1.251,72 €
21060	POLICIA	PRIETO GONZÁLEZ, NILO	1.251,72 €
23604	POLICIA	PROL BRION, JORGE	1.251,72 €
78284	POLICIA	QUINTEIRO VARELA, PABLO	1.251,72 €
14367	INSPECTOR	REGUERA RIVERO, MANUEL AGUSTÍN	1.498,50 €
10464	POLICIA	RELLO MARTINEZ, EMILIO	1.043,10 €
23159	POLICIA	RIAL EIRAS, MARTIN	834,48 €
78131	POLICIA	RIO DIZ, DANIEL DEL	1.668,96 €
77020	INSPECTOR	RIO DIZ, PABLO DEL	249,75 €
16840	POLICIA	RIVERA ALEN, RAMON	1.043,10 €
15852	POLICIA	RIVERA COUÑAGO, FELIX	1.251,72 €
15846	POLICIA	RIVERA LOPEZ, DEOLINDA	1.251,72 €
78769	POLICIA	RODRIGUEZ CAEIRO, JAVIER	1.668,96 €
78770	POLICIA	RODRIGUEZ CARPINTERO, ELÍAS ISRAEL	1.251,72 €
23610	POLICIA	RODRIGUEZ CEBRAL, SILVIA	1.043,10 €
21410	POLICIA	RODRIGUEZ GONZALEZ, ADOLFO	208,62 €
80576	POLICIA	RODRÍGUEZ MONTERO, ISMAEL	1.251,72 €
	POLICIA	RODRIGUEZ POUSA, MATIAS	1.460,34 €
18201	POLICIA	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JOSE	1.043,10 €
78771	POLICIA	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JOSE MIGUEL	834,48 €
79105	POLICIA	RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, JOSÉ	1.251,72 €
12285	POLICIA	RODRIGUEZ TRONCOSO, FRANCISCO	1.251,72 €
12530	POLICIA	RODRIGUEZ VAZQUEZ, JAVIER	1.460,34 €
79117	POLICIA	RODRÍGUEZ VILLAR, ÓSCAR	1.251,72 €
79350	POLICIA	ROJO ALONSO, MARCOS	208,62 €

NP	Posto	Apelidos e Nome	Importe
12457	POLICIA	ROJO MORON, JOSE LUIS	1.043,10 €
17147	OFICIAL	ROLO SILVA, JOSE LUIS	1.555,12 €
77040	POLICIA	SAAVEDRA GONZÁLEZ, NARCISO	1.668,96 €
16952	INSPECTOR	SAAVEDRA GONZALEZ, RAFAEL	1.248,75 €
79118	POLICIA	SÁNCHEZ FRANCO, DIEGO	1.251,72 €
21114	POLICIA	SANCHEZ PEREZ, GERARDO	1.251,72 €
76472	OFICIAL	SANCHEZ SANCHEZ, MANUEL	1.332,96 €
21077	POLICIA	SANCHEZ SOUTO, DIEGO	834,48 €
78287	OFICIAL	SANCHEZ VAZQUEZ, OSCAR MANUEL	1.332,96 €
12397	POLICIA	SANJUAN PEREZ, JOSE	1.251,72 €
23188	POLICIA	SANTIAGO GONZALEZ, JUAN JOSE	1.251,72 €
17213	POLICIA	SANTOS IGLESIAS, ANTONIO	1.043,10 €
78772	POLICIA	SANTOS REFOJOS, DAVID	1.668,96 €
78130	POLICIA	SIERRA CASTELO, JOSE MANUEL	1.460,34 €
77031	POLICIA	SILVA GONZALEZ, ADOLFO ANDRES	625,86 €
77033	POLICIA	SIMON TUÑEZ, MIGUEL ANGEL	1.043,10 €
78134	POLICIA	SORDO GARCÍA, MARÍA TERESA	625,86 €
80589	POLICIA	SOTO RODRÍGUEZ, RICARDO	1.460,34 €
79353	POLICIA	SOUTO LOPEZ, IGOR JOSÉ	1.251,72 €
12374	POLICIA	SUAREZ CARBAJO, ADOLFO	1.251,72 €
12121	POLICIA	SUAREZ GARCIA, ANTONIO	1.251,72 €
78283	POLICIA	SUÁREZ PIÑEIRO, DAVID	417,24 €
12612	POLICIA	TABOADA PARDO, CELSO	834,48 €
80600	POLICIA	TELLA DOVAL, JOSÉ MARÍA	1.460,34 €
78136	POLICIA	TORRADO RODRIGUEZ, ANTONIO	625,86 €
10607	POLICIA	TORRE GENTIL, PAULINO DE LA	1.043,10 €
		Totais	405.192,00 €
80598	POLICIA	TOUCEDO ALONSO, JOSÉ	1.460,34 €
79358	POLICIA	TOUCEDO GARRIDO, ENRIQUE	1.251,72 €
77038	POLICIA	TRONCOSO DOMINGUEZ, JOSE MANUEL	1.251,72 €
21568	POLICIA	TRONCOSO PADIN, JUAN JOSE	625,86 €
80579	POLICIA	UBEIRA GROSIO, PATRICIA	1.460,34 €
10487	POLICIA	VARELA ALVAREZ ANTONIO	1.251,72 €
80582	POLICIA	VAS COSTA, MANUEL	1.043,10 €
22378	OFICIAL	VAZQUEZ ALONSO, ALBERTO	1.555,12 €
18402	POLICIA	VAZQUEZ ALVAREZ, MIGUEL	1.043,10 €
79114	POLICIA	VÁZQUEZ ARIAS, ROBERTO	1.251,72 €

NP	Posto	Apelidos e Nome	Importe
79352	OFICIAL	VAZQUEZ DOMINGUEZ, JUAN DIEGO	1.555,12 €
14210	POLICIA	VAZQUEZ MARIN, ANTONIO	1.460,34 €
18253	POLICIA	VAZQUEZ MARTINEZ, MANUEL ANTONIO	834,48 €
18170	INSPECTOR	VAZQUEZ VARELA, JOSE MANUEL	1.248,75 €
21572	POLICIA	VEIGA JORGE, JOSE JESUS	1.460,34 €
	POLICIA	VEIGA SOUSA, JOSE ANTONIO	1.460,34 €
18359	POLICIA	VELOSO PEREZ MODESTO	417,24 €
80586	POLICIA	VERA ARMADA, JARA MARÍA	1.460,34 €
79378	POLICIA	VERDE VIEITEZ, JOSÉ MANUEL	1.460,34 €
76476	POLICIA	VICENTE FERREIRA, JOSE IGNACIO	1.251,72 €
79122	POLICIA	VIDAL LORENZO, LUCÍA	1.043,10 €
79108	POLICIA	VIDAL MACÍA, RAMÓN	1.251,72 €
21479	OFICIAL	VIEITEZ OITABEN, MARIA JOSE	888,64 €
18193	POLICIA	VIGO QUIROS, EMILIO	1.460,34 €
12345	POLICIA	VILA ABALDE BIENVENIDO	834,48 €
79121	POLICIA	VILA CAMPOS PABLO	834,48 €
77689	OFICIAL	VILA CAMPOS, FRANCISCO JOSÉ	1.555,12 €
79379	POLICIA	VILLA AGULLA, FERNANDO	1.251,72 €
9030	POLICIA	VILLAR COVELO, ANTONIO	1.251,72 €
15958	POLICIA	VILLAR DAVILA, MARIA BEGOÑA	1.043,10 €
79106	POLICIA	VILLAR FERNÁNDEZ, JOSÉ MANUEL	1.251,72 €
77027	POLICIA	VILLAR MIGUELEZ, MANUEL	1.668,96 €
21031	OFICIAL	VILLAR SALGUEIRO, JAIME	888,64 €
18307	POLICIA	VILLAR SANCHEZ, ENRIQUE	834,48 €
80581	POLICIA	VILLAR SILVA, AIDA	834,48 €
23975	POLICIA	VIVERO MIJARES, JUAN GUILLERMO	1.460,34 €

2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 405.192,00 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade”
3. Instar á Xefatura do Corpo da Policía Local para que no primeiro trimestre de cada exercicio económico proceda á elaboración e conseguinte remisión ao Servizo de Recursos Humanos do correspondente estudio xustificativo e avaliativo das necesidades de reforzamento do Corpo, no cal se establezan os termos, condicións, requisitos e límites para a participación de efectivos, número máximo de xornadas debidamente xustificado e demais aspectos relevantes, aos efectos de garantir a debida xestión económica dos gastos do persoal ao servizo do Concello, así como de realizar a correcta planificación de plantilla, de ser necesaria a creación de novas prazas” .

29(1387).- BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS “ALCALDIA DE VIGO2 DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DE ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS PARA O CURSO 2011-2012. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 13180/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Educación, do 24.11.11, conformado pola concelleira delegada de Educación, co informe da titular da Asesoría Xurídica do 22.11.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 24.11.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar as Bases da Convocatoria de bolsas “Alcaldía de Vigo” de Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo para o curso 2011-2012.
2. Aprobar o gasto de 100.000 euros da partida 3210 4890010 “Becas estudos internacionais” para a cobertura das 72 bolsas.

BASES CONVOCATORIA DAS BOLSAS “ALCALDÍA DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, CURSO 2011-2012

(Corrixidas conforme ao informe de Intervención de 24/11/2011)

PRIMEIRA.- *Obxecto e finalidade*

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, entre o alumnado da EOI de Vigo que cursara os seus estudos nos niveis intermedio I e intermedio II dos Departamentos dos idiomas inglés, francés, alemán, Italiano e portugués durante o curso 2010-2011 e que estean matriculados na EOI de Vigo no curso académico 2011-2012, a fin de que participe nun programa educativo no país do idioma correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas nos países de Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia e Portugal.
- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata a cidade do destino asignado nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.
- Matrícula do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa de clases de entre 20 e 30 horas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento en residencias universitarias ou outras

O programa deberá realizarse, dentro do curso 2011-2012, e nunca despois do fin do primeiro semestre do ano 2012. Non obstante, o calendario definitivo se lles comunicará aos beneficiarios por parte da EOI.

SEGUNDA.- *Número de bolsas, destinos e contía*

A contía máxima de cada bolsa será a seguinte:

Nº de bolsas	Destino	Distribución	Contía/bolsa euros	Importe total euros
50	Londres	Todas Intermedio I e Intermedio II	1.325,00	66.250,00
10	París	Todas Intermedio I e Intermedio II	1.720,00	17.200,00
5	Berlín	Todas Intermedio I e Intermedio II	1.380,00	6.900,00
5	Roma	Todas Intermedio I e Intermedio II	1.420,00	7.100,00
2	Lisboa	Todas Intermedio I e Intermedio II	1.275,00	2.550,00
72				100.000,00

No caso de non cubrirse a totalidade das bolsas para os idiomas francés, alemán, portugués e italiano, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente ao idioma inglés (Londres).

O importe da bolsa deberá ser destinado na súa totalidade e exclusivamente ao financiamento do programa de estancias lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo, para esta convocatoria, cuxa síntese se inclúe como ANEXO IV das presentes bases.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 100.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 32104890010 “*Becas estudos internacionais*”, do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2011.

TERCEIRA.- *Publicidade e prazo*

A publicación das presentes bases realizarase mediante anuncios nas páxinas web e nos taboleiros oficiais de anuncios do Concello e da EOI, e igualmente mediante a inserción do anuncio da convocatoria nun diario local impreso de maior tirada.

A resolución que acorde a concesión das bolsas, con expresión do/a alumno/a solicitante, expediente, finalidade da axuda (Bolsas alcaldía de Vigo 2011-2012) e a resolución atribuída (concedida, denegada ou lista de agarda), publicarase nos taboleiros de anuncios e webs citadas de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O contido desta convocatoria publicarase na páxina web do Concello de Vigo

O **prazo de presentación de solicitudes será de 7 días hábiles** contados dende o seguinte á publicación da convocatoria na prensa local.

CUARTA.- *Beneficiarios e requisitos*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os/as alumnos/as da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

- I. Ter o empadramento na cidade de Vigo cunha antigüidade mínima de 1 xaneiro 2011
- II. Ter a maioría de idade legal
- III. Estar matriculado/a na sede central EOI de Vigo (r/Martínez Garrido) ou na súa sección de Coia (IES Alexandre Bóveda) nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano ou portugués no curso 2011-2012
- IV. Haber estado matriculado no curso 2010-2011 nos niveis Intermedio I ou Intermedio II dos idiomas mencionados.

- V. Haber estado matriculado na EOI de Vigo ininterrompidamente dende o curso 2008-2009.
- VI. Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.
- VII. Non ter gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar

2. Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as interesados.

3. As bolsas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

4. Serán obrigas dos beneficiarios das bolsas, as sinaladas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e as que se sinalan nestas bases reguladoras e convocatoria específica.

QUINTA.- *Compatibilidade*

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2011, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

SEXTA.- *Solicitudes e documentación*

1. Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar á axuda poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) no Servizo de Educación do Concello de Vigo situado na Praza do Rei, 1 -11 andar, nas dependencias da EOI, ou ben descargarlos da páxina web www.vigo.org, no seu apartado de Educación.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo establecido no punto terceiro, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n, 36202 Vigo) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder a súa certificación postal. Asimesmo, o/a solicitante fará chegar mediante fax ao Servizo de Educación (986.221726) xustificante do envío postal.

A presentación da solicitude desta axuda levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación nas páxinas web da Servizo de Educación do Concello de Vigo e da EOI así como nos taboleiros de anuncios oficiais de ámbalas dúas institucións.

2. Documentación que se deberá acompañar á solicitude

- Solicitude debidamente cuberta e asinada segundo o modelo que figura no Anexo I.
- Fotocopia do DNI do solicitante ou pasaporte
- Fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade familiar ou certificado de estar exento pola Axencia Tributaria. Aqueles que non presenten este documento, no caso de estaren na lista como empatados con outro solicitante que sí o teña presentado, non serán seleccionados, pasando a lista de reserva no lugar que por puntuación lles corresponda.
- Declaración responsable de non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.
- Declaración responsable de non ter gozado dunha axuda para un programa similar nos cinco últimos anos.
- Certificación da EOI de Vigo na que conste:

- a cualificación final acadada polo/a solicitante nos cursos académicos 2008-2009, 2009-2010 e 2010-2011, realizados nesta Escola.
- que estivo matriculado na EOI de Vigo ininterrumpidamente dende o curso 2008-2009.
- que accedeu aos estudos de Escola Oficial de Idiomas, no nivel Básico I ou equivalente, se é o caso
- Documentación acreditativa de Familia Numerosa, se é o caso

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas.

SÉTIMA.- Tramitación e reparación de erros.

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa dos mesmos, e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 71.1 da lei 30/1992 para que no prazo de 10 días hábiles, enmende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

OITAVA.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

Maior cualificación resultante da media das cualificacións finais obtidas nos cursos académicos 2008-2009, 2009-2010 e 2010-2011 na EOI de Vigo.

Ao alumnado que cumpra os requisitos indicados na Base 4ª e comezara os seus estudos na EOI no nivel Básico 1, sumaráselle á cualificación, 1,5 puntos

A condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

- Categoría Especial = 1 punto
- Categoría Xeral =0,5 puntos

Non embargantes, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda sexa menor, ordeándose a lista por este criterio para adxudicar as bolsas restantes e tamén a lista de agarda. As bolsas serán adxudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases.

Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listas do seu resultado, formarase unha lista ordeada de agarda para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial seleccionada.

O 20% das prazas ofertadas nos idiomas Inglés, Francés, Alemán e Italiano, serán reservadas para aqueles solicitantes que, cumprindo os requisitos recollidos nas presentes Bases, teñan, ademais, cumprido os 40 anos de idade o 1 de xaneiro de 2011 e comezaran os seus estudos na EOI no nivel Básico 1. Estas prazas ordenarásen asemade pola puntuación xeral obtida. No caso de quedaren sen cubrir, engadiríanse as non adxudicadas nesta reserva, ás prazas xerais.

Para o caso de que, unha vez adxudicadas, haxa prazas vacantes por renuncia, serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda, que seguirá o procedemento establecido na presente cláusula.

NOVENA.- Comisión de valoración

A Comisión de Valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, que actuará de presidenta; o xefe de servizo ou o técnico responsable do programa no que delegue, que actuará como secretario; serán vocais da mesma, a Directora e a a Vicedirectora da Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

Este órgano colegiado emitirá unha proposta de resolución na que se concretará o resultado da avaliación.

DÉCIMA.- Concesión e resolución das axudas

A Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto oitavo.

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, elevará á Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, n.º de expediente, curso, destino e resolución das axudas indicando o estado de concedida, lista de agarda ou denegada con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega.

Así mesmo, o Servizo municipal de Educación, como Instrutor, de conformidade co recollido na cláusula sexta, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Na relación constarán:

- (1) Concedidas
- (2) Denegadas: con indicación da/s causa/s de denegación
- (3) Lista de agarda: con indicación da puntuación correspondente

A Xunta de Goberno Local aprobará a listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda.

Esta relación exporase na web www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, e no taboleiro de anuncios da EOI Vigo.

O **prazo de resolución e notificación das bolsas** non excederá de 10 **días hábiles** contados dende o remate do prazo de presentación de solicitudes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Aceptación da axuda

Os alumnos e alumnas que resulten beneficiarios e beneficiarias das bolsas deberán presentar, asinada, no Servizo de Educación do Concello de Vigo, situado na Praza do Rei, 1 -11 andar, unha aceptación expresa segundo modelo que figura no **Anexo III** nun prazo de 3 días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias.

Coa finalidade de poder librar o 50% da bolsa no momento da concesión –tal e como se indica no apartado décimo segundo destas Bases-- os beneficiarios e beneficiarias deberán entregar, xunto coa aceptación expresa, un pre-contrato asinado cunha empresa ou entidade que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co Programa de estancias aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo que figura como Anexo IV destas Bases.

DÉCIMO SEGUNDA.- Xustificación e pagamento

Aos efectos de xustificar a subvención os beneficiarios deberán presentar facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Educación municipal procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Esta factura ou documento equivalente, deberá ir acompañada do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifieste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención. Acompañarase obrigatoriamente a

esta factura, certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOI.

Coa aprobación pola Xunta de Goberno Local do listado de beneficiarios/as, e a presentación da aceptación expresa do beneficiario --tendo en conta o disposto na Base 38ª das de Execución do Orzamento--, poderase aboar a este, en concepto de anticipo, o 50% da contía subvencionada; isto en atención ás especiais características dos destinatarios, alumnado da EOI que podería non poder afrontar o pagamento por adiantado aos provedores deste tipo de servizos de transporte de viaxeiros e formación no estranxeiro, e, consecuentemente, a subvención perdería o seu sentido. En base ao disposto no artigo 42.2 b) do Regulamento da Lei xeral de subvencións, os beneficiarios quedarán exentos da aportación da garantía para este pre-pagamento.

O pagamento do 50% restante farase trala realización efectiva do programa e previa presentación no Servizo municipal de Educación das correspondentes facturas orixinais, certificacións ou documentos equivalentes, emitidas a nome do solicitante polo importe total dos custos e coa certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOI.

En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa, debera realizarse polo beneficiario antes do remate do mes de xullo do ano 2012.

No caso de que un adxudicatario definitivo da bolsa renunciase á mesma unha vez percibido algún pagamento, poderá ceder a súa praza ao seu substituto da lista de agarda (establecido conforme ao disposto na cláusula oitava das presentes Bases), mediante escrito dirixido ao Concello de Vigo e documento fidedigno que acredite a transmisión do contrato asinado co provedor do servizo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

DÉCIMO CUARTA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO QUINTA.- Tratamento de datos de carácter persoal

Para os efectos do disposto na disposición adicional do decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o no 2006, as persoas solicitantes deberán autorizar expresamente á Administración concesora, a inclusión e publicidade nos rexistros regulados no citado decreto dos datos básicos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou no seu caso, a revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido, segundo dispón a liña 2 da citada disposición adicional.

De conformidade co artigo 13.4º da lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública galega, a Concellería de Educación publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

DÉCIMO SEXTA.- Disposición final

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXO I

SOLICITUDE DE CONCESIÓN DA BOLSA “ALCALDÍA DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. CURSO 2011-2012

1 DATOS DO ALUMNO/A SOLICITANTE									
PRIMEIRO APELIDO:					SEGUNDO APELIDO:				
NOME:									
DOMICILIO					NÚM.	PISO	BLOQU	E	C.P
POBOACIÓN:					PROVINCIA:				
DATA DE NACEMENTO			SEXO		DNI / NIE		LETRA	PASAPORTE	
			Home	Muller					
TELÉFONO FIXO:					E-MAIL SOLICITANTE:				
TELÉFONO MÓBIL:									
2 DATOS ACADÉMICOS DO ALUMNO/A									
LINGOA NA QUE ESTÁ MATRICULADO NA EOI							NIVEL:		

CALIFICACIÓN FINAL OBTIDA CURSO 2008-2009: CURSO 2009-2010: CURSO 2010-2011: MEDIA 3 CURSOS:

3	DATOS RELATIVOS AO SOLICITANTE (TÁCHESE O QUE PROCEDA)			
É DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA OU RESIDENTE LEGAL	SÍ		NON	
ESTÁ EMPADROADO NO CONCELLO DE VIGO	SÍ		NON	
ACCEDEU ÓS ESTUDOS DE EOI NO NIVEL BÁSICO I OU EQUIVALENTE	SI		NON	
FAMILIA NUMEROSA	ESP		XER	NON

4	ACHEGA DOCUMENTACIÓN. (RISQUE CUN X)			
	Fotocopia do DNI, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor)			
	Copia do libro de familia ou documentación acreditativa familia numerosa/da titoría legal, se é o caso			
	Certificación académica emitida pola EOI conforme ao disposto na Base 6ª			
	Copia da última declaración da renda ou certificado estar exento			
	Outros. Especificar:			

Solicita, segundo o establecido na convocatoria das Bolsas Alcaldía de Vigo curso 2011-2012, que se lle conceda a mencionada axuda para a participación no programa de estancias lingüísticas no estranxeiro. Así mesmo, declara non estar incurso en ningunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Vigo, de de 2011

Sinatura do/a solicitante

ANEXO II

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS AO ALUMNO/A

Don/dona:.....
 Con domicilio en.....
 Código postal.....
 Concello.....
 con NIF nº.....

Tendo presentada unha solicitude de axudas ao abeiro da convocatoria de bolsas “Alcaldía de Vigo” para Estancias lingüísticas no estranxeiro pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo no curso 2011-2012

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que non ten concedida ningunha outra axuda para a participación en actividades coa mesma finalidade que as previstas nesta convocatoria.

Que non ten residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

Vigo,.....de.....de 2011

(sinatura do alumno/a)

ANEXO III

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á BOLSA CONCEDIDA BOLSAS “ALCALDÍA DE VIGO” CURSO 2011-2012

Datos do solicitante:
Nº DE SOLICITUDE:
DNI:
Nome:
1º apelido:
2º apelido:

ACEPTACIÓN	RENUNCIA

ACHEGO:

Contrato asinado cunha empresa que presta integramente o servizo necesario para o cumprimento do programa de estancias Lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

SOLICITO:

Sexa admitida e xuntada ao meu expediente.

Vigo , de do 2011

Sinatura do beneficiario/a

Concellería de Educación Concello de Vigo
Bolsas “Alcaldía de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro
Praza do Rei, 1 -11 andar
36202 VIGO

ANEXO IV

PROGRAMA DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO CURSO 2011-2012 (Bolsas Alcaldía de Vigo)

Aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (acta da EOI de 17/10/2011):

Programa de Formación:

O Programa de Formación aséntase en dous piares básicos: O Curso de lingua e as actividades de inmersión culturais.

A. Curso de lingua

- o Duración do Curso: 2 semanas.
- o Número mínimo de leccións a semana: 20 leccións / semana.
- o Duración mínima de cada lección: 45 minutos.
- o Numero máximo de estudantes por aula: 15 alumnos.
- o Profesorado Nativo na lingua de destino.
- o Realización de Test de nivel.
- o Diploma acreditativo
- o Características do centro de estudos:
 - Acreditación dos centros de estudo: Os centros de estudos deben de estar acreditados. No caso de Inglaterra debe de estar acreditado polo British Council, e nos destinos restantes por algún organismo europeo.
 - A ubicación: No centro das cidades de destinos ou cerca da cidade.
 - Recursos: Deben de estar equipados con instalacións modernas (ordenadores, acceso a internet, biblioteca multimedia, espazo de estudos, etc).

2. Aloxamento.

O aloxamento dependendo do destino, poderá ser:

- o En residencias de estudantes.
- o En apartamento compartido.
- o En casas convivindo con familias do país (en habitación individual).

Programa Formativo:

Características específicas

Destino	Tipo Aloxamento	Nº Becas
Londres	En residencias de estudantes ou apartamento compartido , con habitación individual / dobre compartida e baño individual/compartido e sen comidas.	50
Berlín	Residencia/hotel de estudantes en habitación individual con baño compartido e sen comidas.	5
París	Hostal - Residencia de estudantes en habitación dobre con baño compartido e sen comidas.	10
Roma	Apartamento/Piso compartido con habitación individual e con zonas comúns a compartir e sen comidas.	5
Lisboa	Habitación individual con familia, desayuno incluído.	2

TOTAL BOLSEIROS	72
------------------------	-----------

Destinos / Estancias:

Inglaterra: Londres	
----------------------------	--

a. Características Curso	
Centro Escollido	Londres Centro
Duración Programa	2 semanas
Tipo Curso	Intensivo: 30 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Horario do curso	De luns a venres de 09:00 a 13:00 e de 14:00 a 15:45.
Nº máximo de estudantes por aula	14 estudantes
Observación	
Inclúese	Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
Outros datos	O centro deberá estar acreditado polo British Council e é membro do English UK. Libre

acceso a internet.

b. Características Aloxamento

Aloxamento	En residencias de estudantes ou apartamento compartido , con habitación individual / dobre compartida e baño individual/compartido e sen comidas.
Situación	Deberá estar céntrico e ben comunicado ca escola.

Total Bolsas: 50

Alemania: Berlín

a. Características Curso

Centro Escollido	Berlín
Duración Programa	2 semanas
Tipo Curso	Intensivo: 24 leccións / semana
Duración 1 lección	45 minutos
Horario do curso	De luns a xoves de 09:00 a 13:30 e os venres de 09:00 a 12:30.
Nº máximo de estudantes por aula	15 estudantes
Observación	
Inclúese	Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
Outros datos	Fundada en 1962, é un dos centros de idiomas máis prestixiosos de Alemania. Está situada en pleno centro, a tan só uns minutos de “Unter den Linden”. A escola conta con 10 cómodas aulas e un centro multimedia con laboratorio de idiomas e libre acceso a Internet.

b. Características Aloxamento

Aloxamento	Residencia/hotel de estudantes en habitación individual con baño compartido e sen comidas
Situación	Deberá estar céntrico e ben comunicado ca escola.

Total Bolsas: 5

Francia: París

a. Características Curso

Centro Escollido	París
Duración Programa	2 semanas
Tipo Curso	Intensivo: 30 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Horario do curso	De luns a venres de 09:00 a 12:20 e de 13:40 a 15:10.
Nº máximo de estudantes por aula	10 estudantes
Observación	
Inclúese	Test de Nivel, Material de estudo (non incluído) e Diploma Acreditativo
Outros datos	O centro ocupa un edificio do século XVIII, perfectamente equipado, en pleno centro histórico da cidade, moi preto do Louvre, da Place Vendôme, e o distrito de Saint Honore. A Escola ten varias acreditación como : TEF, UNOSEL, Chambre de Commerce et d’industrie de Paris...

b. Características Aloxamento

Aloxamento	Hostal - Residencia de estudantes en habitación dobre con baño compartido e sen comidas.
Situación	Deberá estar céntrico e ben comunicado ca escola.

Total Bolsas: 10

Italia: Roma

a. Características Curso

Centro Escollido	Roma
Duración Programa	2 semanas
Tipo Curso	Intensivo: 30 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Horario do curso	De luns a venres de 9:30 a 12:40 h. e de 14:00 a 15:50 h.
Nº máximo de estudantes por aula	14 estudantes
Observación	
Inclúese	Test de Nivel, Material de estudo (Libro non incluído) e Diploma Acreditativo
Outros datos	Esta escola está autorizada oficialmente polo Ministerio de Educación italiano e traballa no sector do ensino da lingua estranxeira dende 1974. E membro da EAQUALS, de ELITE y de ASILS, polo que a calidade do ensino e dos seus servizos ofrecidos está garantizada. A escola está no centro de Roma, o lado da estación central de trenes, Termini, e ten moi boa comunicación con calquera barrio da cidade. Ademáis das súas aulas, a escola dispón dun laboratorio lingüístico, cabinas de video e cabinas de internet. Tamén ofrece espacio para os seu clube, (donde os estudantes poden relaxarse, facer amigos e divertirse), e para unha cafetería.

b. Características Aloxamento

Aloxamento	Apartamento/Piso compartido con habitación individual e con zonas comúns a compartir e sen comidas.
Situación	Deberá estar céntrico e ben comunicado ca escola.

Total bolsas 5

Portugal: Lisboa

a. Características Curso

Centro Escollido	Lisboa
Duración Programa	2 semanas
Tipo Curso	Intensivo: Entre 20 - 30 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudantes por aula	14 estudantes
Observación	
	Deberá incluír Test de Nivel, Material de estudo (Libro non incluído) e Diploma Acreditativo
	Outros datos A escola deberá estar autorizada oficialmente polo Ministerio de Educación.

b. Características Aloxamento

Aloxamento	Habitación individual con familia, almuerzo incluído, cuarto de baño compartido e non inclúe cocina.
Situación	Deberá estar céntrico e ben comunicado ca escola.

Total bolsas 2

30(1388).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.15 h.. Como secretaria dou fé.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.